

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Subsanación de erro na aprobación definitiva da Ordenanza fiscal num. 28 reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral

EDICTO

Detectado erro na publicación do BOP nº111 de 14.06.2017, publícase , unha vez subsanado o erro padecido, o texto completo da Ordenanza fiscal nº28 reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral para os efectos da súa entrada en vigor.

“Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 7 de abril de 2017, de modificación da vixente ordenanza fiscal nº28 reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da ordenanza coas modificacións incorporadas para os efectos da súa entrada en vigor. As modificacións consistiron en:

- 1º Modificar o texto dos artigos 1, 2,5,7 e 8, da ordenanza vixente.
- 2º Eliminar o artigo 6, e polo tanto reenumerar os artigos seguintes.

Unha vez introducidas as citadas modificacións, o texto definitivo da ordenanza fiscal nº28 queda redactado do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL Nº 28 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO LEGAL

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Mugardos establece a taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de comedor incluídos no programa do Espazo Infantil de Xogo, cumprindo co obxectivo 7.2. do IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Mugardos “Continuar coas actividades culturais, educativas, deportivas e de lecer para nenos e nenas fora do horario escolar e en períodos de vacacións” de cara a contribuír á conciliación da vida familiar, laboral e persoal das familias de Mugardos e á corresponsabilidade do traballo familiar e doméstico e fomentar a ocupación do tempo libre dende o respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos seguintes servizos:

- a) Servizo lúdico e educativo do ESPAZO INFANTIL DE XOGO dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade, e que se desenvolve nas vacacións escolares e períodos non lectivos, contribuíndo á educación, á axeitada ocupación do tempo libre e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias mugardesas. Dito servizo conta cunhas bases de funcionamento elaboradas dende as áreas de educación e igualdade.
- b) Servizo complementario de comedor, dividido en almorzo e xantar, que contribúe á promoción da saúde, e educación de habilidades sociais ademais de favorecer a conciliación familiar e laboral das familias mugardesas.

2. Aos efectos da aplicación da taxa, a obriga de contribuír nace cando se produza a notificación da admisión no servizo, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión, nos termos establecidos nesta ordenanza.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito impoñible desta taxa.

Tendo en conta que os/as usuarios/as do servizo gravado por esta taxa son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, os seus pais, nais, titores ou calquera outro representante legal.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E BONIFICACIÓNS.

1. De acordo coas frecuencias de utilización do servizo, distínguense as seguintes contías da taxa:

a) Servizo Espazo infantil de Xogo.

Mes completo		Quincena ou inferior	
Xornada Completa 8.00-14.00	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.	Xornada Completa 8.00-14.00	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.
100 €	60 €	50 €	30 €

b) Servizo complementario de comedor.

Mes completo		Quincena ou inferior	
Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.	Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.
40 €	88 €	20 €	44 €

2. Establecense as seguintes bonificacións sobre a cota tributaria, polo que de acordo coa xornada, período elixido e renda per cápita, as tarifas a aplicar serían as seguintes:

a) Servizo Espazo infantil de Xogo.

Bonificacións	Mes completo		Quincena ou inferior	
	Xornada Completa 8.00-14.00 h	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.	Xornada Completa 8.00-14.00	Xornada Reducida 10.30-14.00 h.
100% (\leq 80% IPREM)	0 €	0 €	0 €	0 €
75% ($>$ 80-100% IPREM)	25 €	15 €	12,50 €	7,50 €
50 % ($>$ 100-125% IPREM)	50 €	30 €	25 €	15 €
15% ($>$ 125-150% IPREM)	85 €	51 €	42,50 €	25,50 €
5% ($>$ 150-200% IPREM)	95 €	57 €	47,50 €	28,50 €
0% ($>$ 200% IPREM)	100 €	60 €	50 €	30 €

b) Servizo complementario de comedor.

Bonificacións	Mes completo		Quincena ou inferior	
	Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.	Almorzo 8.00-9.30 h.	Xantar 14.00-15.30 h.
100% (\leq 80% IPREM)	0 €	0 €	0 €	0 €
75% ($>$ 80-100% IPREM)	10 €	22 €	5 €	11 €
50 % ($>$ 100-125% IPREM)	20 €	44 €	10 €	22 €
15% ($>$ 125-150% IPREM)	34 €	75 €	17 €	38 €
5% ($>$ 150-200% IPREM)	38 €	84 €	19 €	42 €
0% ($>$ 200% IPREM)	40 €	88 €	20 €	44 €

Para o cálculo da tarifa bonificada, terase en conta a renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables ás que se fai referencia obteranse

como resultado de lles aplicar aos datos existentes na Administración, os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou mais dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración do IRPF do exercicio anterior ao ano no que se solicita o servizo, poderán aportar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta a valoración.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.

Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.

Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que se teñen en conta no baremo de bonificación das taxas.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

3. Normas sobre a imputación das cotas.

Aquelas persoas solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, aboarán a tarifa prevista para aquelas unidades familiares cunha renda per capita superior ao 200% do IPREM. Este parágrafo non será de aplicación a aqueles/as usuarios/as que teñan en tramitación a solicitude de axuda de prestación económica municipal ou o informe técnico dos servizos sociais comunitarios municipais que determine a bonificación.

ARTIGO 6.- DEVENGO

A obriga de pagamento para os/as usuarios/as nace cando se produza a notificación da admisión no servizo coa correspondente cota a aboar e na forma que se indique na devandita resolución.

A non asistencia do usuario ao centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente, comunicada por escrito nos últimos 5 días do mes anterior ao período concedido.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

1. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo mediante domiciliación bancaria.

2. Só se procederá a devolución do importe da taxa correspondente, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

-Que por causas non imputables ao obrigado ao pagamento da taxa, non se preste o servizo por parte do Concello.

-Que se comunique por escrito a baixa nos servizos ao departamento xestor, nos últimos 5 días do mes anterior ao período concedido, e esta non supoña un prexuízo a outros interesados.

Para proceder a devolución da taxa, a Intervención municipal solicitará informe ao departamento correspondente sobre a acreditación das anteriores circunstancias.

3. Os cobros dos/as usuarios/as realizaranse, con carácter xeral, nos dez primeiros días da actividade, sen perxuízo do período de cobramento ditado na Resolución. No caso de devolución da domiciliación repercutiráselle os costes bancarios da devolución ao suxeito pasivo e concederánselle 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente, e de non facerse efectivo no mencionado prazo perderá a praza no servizo correspondente e o traslado do expediente ás oficinas de Recadación Municipal para que proceden ao cobro da mesma segundo o procedemento de recadación establecido na lexislación vixente.

Entrada en vigor

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Mugardos, 16 de xuño de 2017.

A Alcaldesa.

Asd. María del Pilar Díaz Otero.

2017/5307